# XV Encontro Galego de Participación

**11 de xuño, 2024 | Santiago de Compostela**



# A saúde mental *importa?*

## Impacto da saúde mental na vulnerabilidade das persoas

Organiza EAPN GALICIA

Colaboran XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

XUNTA DE GALICIA | ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

# XV Encontro Galego de Participación

## INFORME FINAL DE CONCLUSIÓNS

## Índice


| | |
|---|---|
| Sobre o Encontro | 3 |
| Obradoiros previos | 4 |
| Desenvolvemento | 5 |
| Traballo en grupos | 7 |
| Estadísticas participación | 9 |
| Avaliación | 10 |

## Quen somos?

EAPN Galicia-Rede Europea Contra a Pobreza é unha organización non lucrativa, que reúne ás Entidades do Terceiro Sector de Acción Social de Galicia implicadas na loita contra a pobreza a exclusión e a desigualdade social e de xénero. Que traballa polas mesmas causas, desde un enfoque de dereitos pola defensa dos intereses das persoas en situación ou risco de pobreza e da súa participación comunitaria plena, mediante a incidencia política e social propositiva

EAPN Galicia- Rede Europea contra a Pobreza contribúe ao proceso de articulación do Terceiro Sector de Acción Social en Galicia, traballando por causas comúns das entidades e con capacidade de incidencia política e social para a erradicación da pobreza e a exclusión social dende un enfoque de dereitos.

## Tecendo rede

# SOBRE O ENCONTRO




Os Encontros de Participación configúranse como unha oportunidade para obter un maior empoderamento e participación real e efectiva das persoas na sociedade na que viven, defendendo e loitando polos dereitos fundamentais. Neles cuestionanse situacións da vida cotiá que impiden a plena inclusión das persoas, perpetúan situacións inxustas, alimentan estereotipos negativos e accións prexuiciosas.

Supoñen pois un dos eventos clave no eido da formación, empoderamento e participación das persoas vulnerabilizadas en Galicia e configúranse dende hai máis dunha década como referentes e exemplo de boas prácticas para a mellora das políticas públicas e gobernanza.




Neste ano 2024 celebrouse o décimoquinto encontro dende EAPN Galicia, co apoio da Consellería de Política Social e Igualdade, aproveitando a ocasión para reforzar e dar a coñecer as mensaxes e filosofía do evento, e dándolle o centro a un tema transversal que atravesa as realidades das persoas coas que traballan as entidades sociais galegas como é a **saúde mental e a súa interferencia na inclusión das persoas en situación ou risco de pobreza ou exclusión social.**

Dende a súa definición máis básica ata a súa interacción coas situacións de pobreza ou exclusión e a relación de causalidade bidireccional. A Xunta de Galicia quere coñecer as situacións que se dan e as propostas de mellora nas súas diferentes políticas para poñer ás persoas no centro así como a mellora na prevención e atención de problemas de saúde mental.

# Obxectivos

- Fomentar a participación de persoas en situación de risco de pobreza e exclusión social, dende a súa propia visión
- Formar en materia de participación social e dereitos fundamentais e políticas europeas, estatais e autonómicas de loita contra a pobreza e a exclusión social
- Visibilizar as problemáticas e propostas elaboradas por persoas en situación de pobreza e exclusión social en diferentes ámbitos, que poden ser trasladadas ás autoridades responsables e representantes políticas galegas e estatais.

Obradoiros previos

# OBRADOIROS PREVIOS

Como todos os anos, as entidades membro de EAPN Galicia teñen a oportunidade de levar a cabo obradoiros previos ao Encontro, individual ou conxuntamente con outras entidades, coa finalidade principal de realizar unha formación básica e familiarizarse coa temática.

Para isto contan con materiais editados previamente: documento marco coa presentación da temática e definición de conceptos clave e unha proposta de dinámica de debate sinxela para levar a cabo coas persoas participantes das súas entidades.

## Obradoiro previo en Ourense

Asociación para a Prevención e a Educación Social (APES)








## Obradoiro previo en Ferrol

Teima Down Ferrol



# DESENVOLVEMENTO

A xornada deu inicio coa acreditación das persoas participantes e a entrega de materiais para a continuación, no salón de actos, escoitar a primeira intervención de Ana Pardo, Presidenta da Rede, que relatou as accións de incidencia levadas a cabo encamiñadas á consecución das propostas feitas no XIV Encontro Galego de Participación do 2023.




Nun seguinte espazo, contouse coa presencia de Xosé Ramón Girón, Presidente de Saúde Mental FEAFES Galicia, que realizou a palestra marco do Encontro sobre a relación entre a saúde mental e a pobreza.

- **10.00** Comezamos sorrindo
- **10.30** Doble carga: la relación entre la salud mental y la pobreza
- **11.30** Descanso
- **12.15** Traballo en grupos
- **14.15** Xantar
- **16.00** Posta en común e votación de propostas
- **16.30** Clausura
- **18.15** Acto simbólico e lectura do manifesto

A xornada continuou con espazos de descanso e convivencia para o intercambio de experiencias, así como o traballo en grupos, cuxos resultados se presentan nas seguintes páxinas. Para rematar na EGAP coa clausura institucional coas intervencións de Ana Pardo e Ana Aboy, Subdirectora Xeral de Inclusión Social.















Como xa é costume nos últimos anos, quixemos sacar o espírito da participación á rúa e tras un roteiro chegamos á Praza 8 de Marzo, na que se fixo un acto simbólico e a lectura final do manifesto coas propostas máis votadas dos grupos de traballo.



# TRABALLO EN GRUPOS

Entre as 12.15 e as 14.15 levázonse a cabo 5 grupos de traballo simultáneos que a través do debate debían dar resposta as seguintes cuestións:

**Que é para ti a saúde mental?**

**Que fas ou podes facer ti para coidar a túa saúde mental?**

**Que fan ou poden facer o teu entorno, a comunidade, organizacións e administracións para coidar a túa saúde mental?**

Os principáis resultados do traballo en grupo son as propostas feitas á terceira pregunta que se amosan a continuación:

1. Formación y capacitación de los profesionales del **ámbito educativo** en gestión emocional, promoción de campañas de **sensibilización** y recuperación de espacios comunitarios.
2. Dotación de recursos económicos destinados a **aumentar el número de profesionales de la salud** y fortalecimiento de los perfiles profesionales de las entidades del tercer sector, reforzando así la **calidad de la atención** a las personas en una **colaboración entre el sector sanitario y el sector social**.
3. Promoción de **salud comunitaria, transversalizar la salud mental**: teniendo en cuenta las necesidades de cada persona y la violencia estructural que las atraviesa (capacitismo, racismo, bullying, infantilización de las personas con discapacidad intelectual, violencia machista). Visión multidisciplinar de las necesidades (creación de espacios seguros, responsabilidad comunitaria, de información al entorno familiar, incidencia política en cuanto a la temática).
4. La salud mental accesible (acceso real a los tratamientos existentes ), suficiente y universal y que responda a las necesidades individuales, respondiendo a las necesidades estructurales que generan la problemática.
5. Que en la formulación de políticas públicas se garantice el acceso universal a servicios psicológicos de calidad: reduciendo los plazos de espera y gratuitos, garantizando el derecho de acceso a personas migrantes.
6. Concienciar y educar en la salud mental en adultos y en escuelas, eliminando los discursos de odio y el estigma sobre la salud mental.
7. Desde ámbitos como el educativo, que exista personal suficiente para que detecte situaciones de riesgo de manera rápida. Faltan medios y sobra burocracia.
8. Que las administraciones públicas respeten los derechos de todas las personas al acudir a cualquier organismo o al solicitar atención, y se adapten a las nuevas necesidades, con especial sensibilidad a su impacto en la salud mental.
9. Reducir los tiempos de espera ante servicios básicos médicos como la atención a la Salud Mental. Destinar mayor recursos económicos a profesionales como psicólogos/as para atender con mayor frecuencia a las personas.
10. Facilidades para el acceso a la vivienda sin depender de un contrato de trabajo. Cobertura de la necesidad básica de la vivienda, siendo estas actualmente inadecuadas, temporales, compartidas entre varias personas, limitando el espacio y la privacidad personal.

# 5 propostas máis votadas



**01** Dotación de recursos económicos destinados a aumentar el número de profesionales de la salud y fortalecimiento de los perfiles profesionales de las entidades del tercer sector, reforzando así la calidad de la atención a las personas en una colaboración entre el sector sanitario y el sector social.

**02** Facilidades para el acceso a la vivienda sin depender de un contrato de trabajo. Cobertura de la necesidad básica de la vivienda, siendo estas actualmente inadecuadas, temporales, compartidas entre varias personas, limitando el espacio y la privacidad personal.



**03** Concienciar y educar en la salud mental en adultos y en escuelas, eliminando los discursos de odio y el estigma sobre la salud mental.

**04** Formación y capacitación de los profesionales del ámbito educativo en gestión emocional, promoción de campañas de sensibilización y recuperación de espacios comunitarios.



**05** Promoción de salud comunitaria, transversalizar la salud mental: teniendo en cuenta las necesidades de cada persona y la violencia estructural que las atraviesa (capacitismo, racismo, bullying, infantilización de las personas con discapacidad intelectual, violencia machista). Visión multidisciplinar de las necesidades (creación de espacios seguros, responsabilidad comunitaria, de información al entorno familiar, incidencia política en cuanto a la temática).



# ESTATÍSTICA PARTICIPANTES





A decimoquinta edición do Encontro Galego de Participación contou cun total de 70 asistentes, entre participantes e persoas técnicas, das cales o 74% foron mulleres.

Participantes | Técnicas



## Poboación de residencia




## Entidades participantes



# Avaliación
# AVALIACIÓN



Unha parte importante destes encontros é a súa avaliación directa polas persoas participantes, xa que é o que permite que evolucionen e resposten de xeito máis real ás súas necesidades e peticións.
A enquisa de avaliación, entregada ao rematar a xornada foi cuberta por un total de 50 persoas, das cales 35 eran mulleres (70%). A idade media das persoas que cubriron a enquisa é de 37,6 anos.

## PONENCIA INICIAL

Interese na temática



Valoración global



## GRUPOS DE TRABALLO

Interese na temática



Dinamización



## ACTIVIDADE EN XERAL

En qué medida esta actividade resultouche interesante?



Cres que mellorou o teu coñecemento sobre o tema?



Valoración global sobre o Encontro






Organiza

Colaboran

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA